

RESTAURACIÓN DA IGREXA DE SANTA MARÍA DE DONRAMIRO

ARQUITECTO: LUIS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



A igrexa recuperou a súa volumetría procedente das obras efectuadas en época barroca, rebaixando a súa altura e volvendo así a ter unhas cubertas proporcionadas.

Foi preciso refacer a saída á cuberta, executada en chumbo, e dispoñer unha nova baranda de perfís de aceiro, a cal se ve reducida ó mínimo imprescindible. As carpinterías contan con respiradeiros integrados, case imperceptibles, que permiten a ventilación continua do interior.

Recuperáronse as cores orixinais das mesmas, obténdose de decapar as preexistentes.

A cuberta ventilada ten illamento térmico e acústico, mantendo un espesor mínimo para lograr obter as pendentes e alturas axeitadas.

Os muros exteriores caracterizábanse polo emprego mixto de pedra de granito silvestre, moreno, xunto con ortogneis de marcada cor vermella.

Para lograr a súa integración, os rexuntados se foron facendo mediante o pigmentado do morteiro con terras, de tal xeito que non marcasse a cuadrícula da sillería excesivamente, senón que se fose mimetizando coas pezas que delimita.

Executáronse drenaxes perimetrais para eliminar as humidades e eflorescencias interiores. Tamén se dotou á edificación das redes de electricidade, telecomunicacións, abastecemento de auga e saneamento, xa que debía ser plenamente funcional, coa dificultade que supuxo integrar todo isto tanto no interior do templo como no adro.

No interior, os muros románicos se conservaron vistos, mentres que nos barrocos se recuperou o revoco de cal tradicional.

Un dos sillares conservaba un fragmento de pinturas murais.

Para solventar a estrutura foi preciso conxugar técnicas tradicionais con actuais. A cuberta de parhilara conta con dous tirantes; un de madeira, e un cable de aceiro.

A estrutura se recuperou seguindo as indicacións dos veciños, así como atendendo ós elementos construtivos que perduraban, como a ménsula do Santiago, na que os parroquianos lembraban que descansaba unha viga. Xogando con outras ménsulas de madeira se foron regulando as alturas da cuberta e da tribuna.

